



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

---

## **Acta da sesión extraordinaria do pleno nº 13/15**

**Data 23-11-2015**

***Acta anterior 23-11-2015 (sorteo mesa electoral)***



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

## Asistentes:

### Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

### Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D. José David Pintor Pazo

D<sup>a</sup>. María del Carmen Torreiro Cotos

D. Jesús Gómez García

D. José Emilio Mahía Neira

D<sup>a</sup> Manuela García Freire

D. José Antonio Cotos Seoane

-D<sup>a</sup>. Marta García Sánchez

### Non asisten

### Secretario.

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

## Acta pleno 13/2015

### Acta da sesión extraordinaria celebrada polo pleno deste concello o día vinte e tres de novembro de dous mil quince.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas e dous minutos do día vinte e tres de novembro de dous mil quince, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, reúnese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Hai sete cidadáns en calidade de público, uníndoselles ao longo da sesión outros 5 máis e abandonando a sesión tres deles, no transcurso da mesma.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente indica que esta sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

Posteriormente pasouse ao estudio da orde do día adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

### **1.- Debate das propostas que se van incluír no POS e no PAS, tanto as presentadas pola alcaldía como as propostas polo BNG (00' 30'')**

Toma a apalabra o Sr. Alcalde explicando que o primeiro punto da orde do día comprende o Debate das propostas que se van incluír no POS e no PAS, tanto as presentadas pola alcaldía como as propostas polo BNG, indicando que o Plan de obras e servizos e máis o Plan de acción social son programas de obras da deputación provincial para o exercicio de 2016 e que teñen que estar presentados, xunto ao resto da documentación que se especifica nas Bases, antes do día 18 de decembro na Deputación provincial (neste momento interrompe a sesión a administrativa do concello para dar conta dunha incidencia relacionada co sorteo de membros da mesa, que se acaba de celebrar. A seguir reanúdase a sesión). Continúa o alcalde indicando que o pleno ordinario anterior a esa data será o do 10 de decembro e esta será a primeira vez que se realice un pleno extraordinario para realizar propostas a este tipo de plans, o que lle parece moi ben.

Continúa dando conta das cantidades dos plans e máis das propostas da equipa de goberno remitidas xunto coa convocatoria, as cales explica brevemente, e que son:

PAS- Total 189.013,88 euros

Achega para ampliación e remate da rede de abastecemento de San Vicenzo, 102.428,75 € (sobre un total de 512.000,00 euros, dos que a deputación financiará, tamén, o resto).

Resto (86.585,11 €) Para mellora de pistas municipais, 34.634,04 euros.



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Para acción social (mínimo 60%), 51.951,07, que pensamos destinar a Melloras nunha zona do colexio como apoio á infancia, a petición da dirección do colexio e máis da Anpa, e ao amaño de locais sociais, neste caso o de San Vicenzo, na súa parte traseira.

POS- Total 138.610,18 euros cunha normativa xa coñecida de anos anteriores

Para gasto corrente, permitido neste plan, 69.305,09 euros

Para mellora pistas municipais, 69.305,09 euros, expoñendo brevemente cales serían, repartidas entre as xa mencionadas do PAS e estas do POS:

Conchovello (Barbeito), Bacioi (Présaras), Atrás do Cava, para botar zahorra (Présaras), Xafeita e o seu interior (Mezonzo), O Porto – Cezar ata o cruce de Brai, da Brea pasando polos Currás e ata Motiño, interior de Raído, de Cernadas ata o Corral de San Martiño, do Cruce de Fachal ata o de Patos, a de Opa, a de Ponte Tamou ás Abeleiras e a de Follente ata o Campo da Cruz Aclara que esas son as intención e que xa se verá ata onde dan os cartos.

(Durante a exposición incorpóranse catro veciños á sesión en calidade de público)

Sendo o minuto 10'57" toma a palabra a portavoz do BNG, quen realiza unha pequena introdución indicando que o plan establece moi pouco prazo e queríamos facer propostas concretas, que describen a seguir, realizando a proposta concreta José Antonio Cotos Seoane:

-Aglomerar a pista que cruza Barbeito e, en canto ao PAS, amañar unha vivendas sociais, proponendo en concreto a da Carballeira en Présaras ou a de Vilariño.

A continuación critica o aglomerado dunha pista, que describe, cando o seu trazado vai ser cambiado por concentración parcelaria e tampouco era das máis necesitadas.

Sendo o minuto 13'17" contesta o alcalde do concello preguntando ao BNG se teñen realizada unha valoración con respecto á pista que cruza Barbeito, contestando Manuela García Freire que non, que non teñen medios. A continuación Fernando Pérez Fernández indica que o seu grupo a ten considerado pero que a desbotou porque hai un compromiso de concentración parcelaria de ancheala.

Con respecto á pista do depósito de Ril (da que se falou anteriormente) indica que o aglomerado foi aprobado cos votos do BNG, contestando Manuela García Freire que daquela non o sabían, que quen tiña obriga de sabelo era o goberno municipal. O alcalde indica que é certo que hai un modificado desa pista pero que estivo a falar co director da concentración parcelaria e é posíbel que quede, está no aire.

Con respecto ao aglomerado da pista de Barbeito, que pide o BNG, considera que é moi importante facelo porque é das poucas que faltan pero que o das parcelarias é moi posíbel que para o ano que vén talvez non veñan as dúas pero hai o compromiso de que unha cando menos si se faga a fase de execución. As dúas están neste momento nesa fase, resoltos os trámites anteriores.

Seguindo coa pista de Barbeito considéraa moi importante, de feito hai pouco que lle quitamos os



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

bachas, e intentará descubrir antes do día dez se se vai modificar. Recolle por tanto a proposta e fará esa xestión.

Con respecto á vivenda social recolle tamén a proposta, indicando que eles pensaran polo do colexio e os locais sociais, pero que se podería tirar polo do colexio e por esta proposta de vivenda social, preguntando á portavoz do BNG que edificio se rehabilitaría, contestando Manuela García Freire que xa o teriades que ver vós, lembrando un caso de hai anos dunha persoa que necesitara unha vivenda con carácter urxente e os problemas que houbera, por non existir un tipo de vivendas destas.

(neste momento entra un novo veciño)

Finalmente o alcalde, explica as posibilidades dos locais de que falou (Présaras ou Vilariño) como posíbel vivenda social indica que valoraremos este tema da vivenda social en lugar dos locais social e, se podemos encaixalo, farémolo.

Dáse un breve debate sobre a distribución dos cartos e as posibilidades de cada local.

Intervén a continuación (23'13'") José Antonio Cotos Seoane, indicando que o cambio da pista da que se falou antes (depósito de Ril) xa está aprobado e non ten volta atrás, engadindo Manuela García Freire que, se o cambio xa estaba aprobado por concentración, a nós non se nos dera esa información cando se aprobou en pleno a realización da obra e que, se o goberno municipal o elevou ao pleno tense que supoñer que xa tiña mirado el todo o relativo ás autorizacións e demais, contestando o alcalde que a oposición tamén ten acceso a información.

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pregunta pola pista que baixa cara á súa casa, non porque vaia á súa casa, contestando o alcalde que si está metida na proposta do goberno, xunto a de Rei.

Non habendo máis intervencións dáse por rematado o estudo deste punto da orde do día.

### **2.- Explicación das declaracións da alcaldía nun xornal e aprobación, no seu caso, dos acordos que figuran no escrito 1917-15 de 18-11-2015 polo que se solicita a celebración deste pleno. (25' 20'")**

Intervén a portavoz do BNG, Manuela García Freire, indicando que, se propoñen este pleno, é pola alarma social creada polas declaracións do alcalde, e criticando a partición do concello, aínda que entende que o alcalde seguramente non quixo dicir iso, e que lles preocupa o da fusión, o que considera que se contradí co manifestado noutras ocasións polo propio alcalde.

Contesta o alcalde indicando os antecedentes que empezan cunha noticia no xornal La Opinión de hai tres semanas sobre a situación económica do concello. A raíz desta noticia contactoume o xornal La Voz de Galicia pedíndome unha entrevista polo xornalista Toni Silva, á que finalmente accedo.



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Houbo a entrevista que está gravada e nela empezo a falar do problema económico de Vilasantar, non falo en absoluto de ruína nin de bancarrota, senón que derivan en grande medida da forte dependencia das subvencións, que provocan un desfase entres os gastos e os ingresos. Falo de que temos uns orzamentos moi axustados nos gastos e nos ingresos, polo que calquera imprevisto é un problema grave. Falo da suba dos impostos que houbo que facer, e que aínda están baixos en relación á contorna, e de que non temos zonas urbanas, nin industria, nin moitos vehículos, e, por tanto, o IBI, o IAE e IVTM é o que hai.

Continuo dicindo na entrevista que subimos os impostos hai uns anos e que non pensamos subir máis, pois os veciños non teñen a culpa, que temos alto o gasto de persoal pero é porque damos moitos servizos e nun tempo de crise, o 2011-2015 que foi o peor da crise, e, finalmente, que asumimos moitas subvencións, as que son ao 100% e que teñen o problema de gastar antes do ingreso e tamén temos collido aquelas que non pagan o IVE, e ao mellor estas non hai que facelo. Esta situación créanos a falta de autonomía e por iso tivemos que facer o PEF.

Dito isto o xornalista preguntalle polas fusionés, sobre as que non tiña pensado falar, pero contéstalle, dando a miña opinión de que Vilasantar non ten capacidade para se fusionar e que, de haber fusionés non debe ser porque te leves ben ou non co concello veciño, poñendo o exemplo de Curtis, porque é do seu partido e veciño. Entende que ha de ser o estado ou a xunta quen as leve adiante, quen digan hai que fusionarse xa. O xornalista sacou estas opinións do contexto. Remarca que o que dixo foi que non parece bon que sexan os concellos os que organicen e planifiquen as fusionés, que debe ser a xunta ou o estado os que fagan os pertinentes estudo económico e de planificación urbanística, de sentimento, de pertenza, que fagan territorios amplos, como comarcas naturais.

Tamén contesta ao xornalista que isto é o que se está a facer en Europa. Tamén lle di que os concellos naceron para un tempo distinto do de hoxe. E que non é bo afastar a xestión dos cidadáns, debe de manterse sempre unha base de proximidade ao cidadán. Critica a lonxanía da prestación dos servizos polas deputacións, porque se o servizo está no concello a xestión debe estar no concello.

Continúa que non fala de repartir o concello en cachos nin de facer fusionés voluntarias do noso concello.

Ou sexa que manifestou a súa opinión a preguntas do xornalista, que por certo tamén compartiu o presidente da deputación. Toni Silva conseguiu un bo titular a partir dunha opinión.

En resume, coido persoalmente que hai que ir a concellos máis grandes, con máis medios, economía de escala, mantendo un concello cabeceira, cun tamaño de catro ou cinco concellos actuais, para xestionar os novos retos. Nada máis e eu non o vou facer, pois o goberno de Vilasantar non está capacitado para facelo, pois sería unha chapuza, mencionando a Oza-Cesuras.

A partir de aí houbo chamadas de veciños preocupados e explicoullo e entendérono, e despois o BNG colocou os cartaces dicindo que se vai dividir o concello en cachos e que de 20 concellos de menos de 3.000 habitantes só un está en bancarrota e que o alcalde xa tiña un posto reservado na Xunta.



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

A continuación fai fincapé na situación económica do concello, pois nese papel di que se fala dela. Indica que dende o ano 2005 vense pedindo un préstamo por mor dun programa Lider que houbera, que aínda segue a data de hoxe.

Fala do arqueo da toma de posesión BNG-PP do ano 2011 comparándoo co da toma de posesión do ano 2015, que é máis favorábel ao deste último ano. Quere dicir que é unha foto, que, cando se fala de que o concello estaba mellor saneado no ano 2011 que agora depende, dos datos que se collan. Aqueles, de 2007 a 2011, foron mellores tempos para os concellos. O concello de Vilasantar nin está en bancarrota nin está en ruína económica. O tempo, engade, demostrará o que hai.

Continúa indicando que Vilasantar ten unha dependencia moi forte das subvencións, mencionado algunhas das que se deben neste momento (obradoiro, agader, brigada ambiental, DTC, Pos, incendios, equipamentos) concluíndo de novo a forte dependencia das subvencións.

Por último indica sobre as fusións que el é máis partidario da agrupación de servizos mancomunados. Neste momento están realizándose servizos en común como o CIM, o lixo, a orientadora laboral, o Alex Bergantiños e outros servizos que vai mencionando. Entende que esta agrupación de servizos é o que hai que facer.

Finalmente pregunta directamente ao secretario se hai algún documento de algunha administración onde se diga que Vilasantar se vai separar ou onde se diga que Vilasantar se vai fusionar, contestando o secretario que non

Transcorridos 46'03" toma a palabra a portavoz do BNG, Manuela García Freire quen indica que a intervención do alcalde lle pareceu un bo mitin e pregunta ao alcalde se realmente cre que o concello non está mal economicamente. Fala de que houbo que facer un PEF no 2014 e agora, no 2015 tense que facer un novo, que tampouco se vai cumprir, e de que a débeda neste ano superará os 410.000,00 euros.

Dálle a razón ao alcalde de que o concello depende das subvencións e que estas cóbranse o ano seguinte, pero o certo é que a débeda sube seguido dende que chegou o PP.

Indica que non é certo que ao alcalde lle tocan os peores anos de crise, incidindo no previsión de débeda de 410.000,00 euros (previsión do 3º Trimestre, de execución orzamentaria).

Con respecto as subvencións pregunta que pasa coas do 80 % (as que non subvencionan IVE) porque hai un informe de intervención onde se di que só se poden coller aquelas subvencións que teñan un 100%.

O alcalde interrómpea iniciándose un breve debate sobre esta última afirmación.

Con respecto as fusións comenta que os xornalistas soen mandar as preguntas que van facer por escrito antes da entrevista, contestando o alcalde que a entrevista durou corenta minutos e que se lle mandou as preguntas el non as viu, producíndose un debate.



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

A continuación Manuela García Freire dille ao alcalde que non quere ser responsábel da situación do concello, que non lle parece de recibo que un alcalde diga que se a xunta ou o estado acorda a fusión, pois xa está, e pregunta se nese caso sacaremos unha pancartinha e xa está, interrompendo o alcalde que el non vai fusionar voluntariamente o concello, que se se quere a fusión que o fagan a Xunta ou o estado.

Continúa Manuela García Freire dicíndolle ao alcalde que lle pide valentía á Xunta e ao Estado porque el non se atreve a tomar a decisión. Na rolda de prensa da deputación dixo que loitará para que a sede do concello quede aquí se nos fusionamos e se di iso é porque non ve outra saída e que o problema e con quen porque ninguén nos quere, nin Mesía nin Sobrado, que se nos fusionamos é porque este concello non ten saída

Continúa manifestando que o que piden é responsabilidade política. Propoñemos que quede claro aquí que non haberá fusión. Nin que o diga a Xunta nin que o diga o Estado, porque se nos fusionamos perdemos a casa do concello e tamén perdemos o colexio, o centro de saúde e o anexo á farmacia. Por iso piden uns acordos moi clariños, que pasa a ler:

-Indivisibilidade territorial do concello e a non fusión.

-Asunción por parte do alcalde da súa responsabilidade pola nefasta situación económica, froito da súa mala xestión.

Enfatiza sobre a responsabilidade de que para o ano haberá que facer un novo PEF e de que para o ano haberá unha nova suba de impostos e que eles non están a prol de ningún reparto do concello nin de ningunha fusión, que as fusionés só aforran cartos se desaparecen servizos. Nós sempre estaremos porque o concello de Vilasantar non se fusione.

Transcorridos 57'18" toma a palabra o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández quen informa de que na web do concello hai colgada unha "nota de prensa coa deputación", está a gravación, na mesma queda claro que voluntariamente non quere a fusión nin lla pide ao estado nin á Xunta, que el non quere a fusión.

En canto á execución do 3 Trimestre, realiza unha previsión de como quedará o exercicio, pero é iso unha previsión. Por agora non se detectaron problemas, vai segundo o previsto agás as subvencións.

Con respecto aos servizos imos mantelos. Estamos sempre axudando ao CEIP. Temos os mesmo servizos e máis que os que había cando gobernaba o BNG. Colexio, centro de saúde, farmacia, son fundamentais. Pasaron apenas 5 meses dos 48 que vai ter esta lexislatura.

Transcorridas 1h 01' 26" toma a palabra José Antonio Cotos Seoane, quen indica que o alcalde está dicindo o contrario do que saíu no xornal, que está desmentindo ao xornalista.

Continúa facendo á alcaldía unha serie de preguntas. Considera que esta semana foi bastante triste, que o que sacou en limpo foi que o alcalde está pedindo a berros unha fusión e cre que antes de tomar unha medida destas hai outras que se poden adoptar.



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Con respecto á situación económica, no ano 2013 tivéchedes un déficit menor que no 2014. A débeda viva subiu, son cousas que están hai e pódeas ver calquera. E as medidas tomadas foron a suba dos impostos, e así e todo houbo déficit. Non chegou a suba.

O tema da fusión. Comenta que antes de ir a unha medida como a fusión hai unhas medidas a tomar. Tamén cre que cunha fusión habería consecuencias como sería a desaparición de parte do concello. Engade que está dicindo o que lemos todos nun xornal, sendo interrompido polo alcalde que lle pregunta se lle dá máis importancia ao que di un xornalista que o que di el no pleno.

Contesta José Antonio Cotos Seoane que entende que un xornalista non vai pór o contrario do que se lle di e que se alguén pensa pedir a fusión debería de ir no seu programa electoral para a que os votantes o saiban.

Pregunta a continuación se pensades controlar o gasto con facturas, lendo algunhas da última XGL, como o arrendamento do Cefae ou as dietas do alcalde, que considera disparatadas, darían sobre 1500 Km., ou, noutra XGL a factura de amaños no campo de fútbol de 10.600,00 euros, cando non hai equipo de fútbol no concello. De non controlarse o gasto acabase en situacións como estas.

Remata comentando que nunha comisión de contas pedírame que as notificacións das reunións as fixeras con tempo, cando menos aos que temos que pedir permiso no traballo. Eu non traballo os sábados e hoxe, outra vez, tiven que pedilo o mesmo día da reunión. Isto créame problemas pois ten que quedar unha persoa no meu sitio

Manuela García Freire pregunta ao alcalde se reconece a débeda que dixo na entrevista, de máis de 200.000,00 de débeda, contestando o alcalde que si.

Transcorrida 1h 09' 23" toma o palabra o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández para repetir que el non pediu a fusión nin se vai repartir o concello, cando menos voluntariamente.

Con respecto aos 10.600,00 euros do campo de fútbol foi unha subvención da deputación e manifestou a súa necesidade a técnica deportiva. Non ten custe para nós pois foi unha subvención.

Con respecto á convocatoria de plenos, os ordinarios xa están prefixados e os extraordinarios depende, coma este, que foi pedido por os concelleiros do BNG. Explica que se pensaba convocar dentro dos cinco días e prazo, o xoves e xa falara co secretario pero tivera unha reunión na deputación e non volveu a tempo de convocala, e tívose que convocar o venres. Hai un debate, con intervención de Marta García Sánchez, quen indica que se podía ter convocado para o martes. Intervén Manuela García Freire para indicar que durante catro anos o alcalde non convocara nunca os plenos extraordinarios no prazo de cinco días e agora, precisamente, o fai. Hai un breve debate sobre que pasa se o alcalde non convoca nos cinco días e preguntáselle a opinión ao secretario que di que lexislación establece ese prazo e tamén o de que o pleno ten que ser dentro dos quince días, polo que entende que o secretario non debe convocalo automaticamente antes de que quede cuberta esa posibilidade, e dicir non pode convocalo ao sexto día.





## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

(No transcurso deste debate abandona a sesión un cidadán do público e ao final do mesmo dous máis)

O alcalde fai un resumo, que el fixo unha entrevista e deu o seu punto de vista, que el non se quere fusionar, nin quere dividir o concello en cachos e o BNG aproveita para facer o de sempre e que lle parece ben, que é a súa política.

Remata proponendo a votación.

O concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane pide a palabra que lle concede o alcalde, recoméndalle ao alcalde que lle esixa unha rectificación ao xornalista, contestando o alcalde preguntándolle a José A. Cotos se leu a Voz de G., do venres, contestando que leuna toda a semana e non lle gustou nada. O alcalde dille que aí xa hai unha rectificación nese día pois di que “O alcalde de Vilasantar aclara que non quere dividir o seu concello. O rexedor precisou que a súa intención non sería en ningún caso que o municipio se dividise malia o maior ou menor contacto dunhas parroquias ou outras con concellos limítrofes. Fernando Pérez defendeu a colaboración na prestación de servizos para optimizar os recursos.”

A seguir dáse un breve debate sobre se ese parágrafo pódese entender ou non como unha rectificación do xornalista.

Transcorrido 1h 17' 22” Marta García Sánchez (BNG) pregunta, dirixíndose aos concelleiros do PP se están de acordo coa xestión do alcalde, o que provoca un debate con varios deles, airado en ocasións e que se mantén con maior ou menor intensidade nos minutos seguintes. No medio o alcalde le un correo (electrónico, no seu móbil) do xornalista Toni Silva no que, segundo le, se compromete a escribir un artigo persoal asumindo a responsabilidade pola súa desafortunada redacción, se continúan as críticas do BNG contra o alcalde.

A seguir e transcorridos 1h 19' 00”, o alcalde propón a votación dos dous acordos que solicitan os concelleiros solicitantes, que protestan pois esixen que a votación sexa dos dous puntos xuntos, como un único acordo e non separados, como dous acordos diferentes. O alcalde pide a opinión do secretario quen indica que o que se le e “dos seguintes acordos”. Hai un forte debate. O alcalde le a proposta de acordo do escrito que di “aprobación dos seguintes acordos:”

Le a seguir o primeiro parágrafo:

-”Indivisibilidade territorial do concello e a non fusión”, propondo a súa votación, e que resulta aprobado por unanimidade dos asistentes que son a totalidade dos membros da corporación

A portavoz do BNG interrompe a votación para indicar que non son dous acordos, senón dous puntos dun único acordo, que quen solicitou o pleno foi o BNG e é o BNG quen di que os dous puntos son parte de un único acordo e que son indivisíbeis.

O alcalde di que se vai votar como di o presidente do pleno, e le, novamente, o primeiro parágrafo, sendo interrompido de novo pola portavoz do BNG que quere que quede claro que a situación que



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

se está xerando é pola responsabilidade do alcalde e que este ten que asumila polo que a votación ten que ser conxunta.

O alcalde le a seguir o seguinte parágrafo para a votación

”Asunción por parte do alcalde da súa responsabilidade pola nefasta situación económica, froito da súa mala xestión”, votándose en medio de fortes protestas dos concelleiros do BNG, indicando o secretario, a petición de todos, e brevemente, que quen dirixe os plenos é o alcalde e por tanto é el quen propón as votacións. O alcalde volve a repetir o parágrafo e a votación, que non se chegara a efectuar.

O resultado desta segunda votación é de 3 votos a favor e 6 en contra.

O alcalde indica o resultado da votación que é de nove votos a favor (unanimidade) na primeira votación de 3 a favor e 6 en contra (rexeitada) na segunda, que corresponde co resultado da mesma.

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pide unha cuestión de orde e dille ao alcalde que lla ten que aceptar, e pide un informe ao interventor do concello por esta votación. A seguir acusa ao alcalde de manipulación, e este indica ao secretario que tome nota do que está dicindo.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levantou a sesión sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos (duración, por tanto de 1h 23' 21”), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.  
O alcalde.

Asdo. Fernando Pérez Fernández

O secretario.

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.